

Competencia en Comunicación Lingüística de Lingua Galega e Literatura

En base ao establecido no artigo 144 da LOMLOE todos os centros docentes realizarán unha avaliación de diagnóstico coa finalidade de comprobar o grao de adquisición das competencias do seu alumnado e ter en conta os resultados obtidos no deseño dos seus plans de mellora.

Nas probas de avaliación de diagnóstico mídese o desempeño do alumnado na materia de Lingua e Literatura galegas nun curso estratéxico intermedio en cada unha das etapas de escolarización obrigatoria (4.º de educación primaria e 2.º de educación secundaria). A súa referencia competencial inmediata son as competencias específicas¹ de final de etapa.

O marco de referencia para a elaboración das avaliacións do sistema educativo é o *Marco general de las evaluaciones del sistema educativo* desenvolvido e publicado polo INEE en colaboración cos organismos autonómicos con responsabilidade en materia de avaliación educativa.

Todo o alumnado matriculado en 2.º da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia avaliarase de tres destrezas:

- Comprensión oral (CO)
- Comprensión escrita (CE)
- Expresión escrita (EE)

O peso aproximado de cada parte da proba buscará unha compatibilidade entre o establecido para as avaliacións de diagnóstico no *Marco general de las evaluaciones del sistema educativo* e no Anexo ao mesmo para a avaliación dos obxectivos de Lingua Galega e Literatura:

	Oral	Escrita	TOTAL
Comprensión	20%	40%	60%
Expresión	-----	40%	40%
TOTAL	20%	80%	100%

Os textos seleccionados para estas probas terán en conta situacións tanto informativas como literarias, cunha lixeira predominancia das primeiras, por considerárense máis presentes no día a día do alumnado, e en consonancia coas porcentaxes orientadoras do citado *Marco*.

Área da comprensión (oral e escrita)

Para as destrezas relacionadas coa comprensión establecéronse uns **procesos cognitivos** básicos que se describen como operacións intelectuais que o alumnado activa ante un estímulo dado e que provocan un conxunto de accións encamiñadas a resolver unha tarefa contextualizada. Os catro procesos cognitivos ordenados de menor a maior complexidade son:

- Localizar e obter información.
- Realizar inferencias directas.
- Integrar e interpretar ideas e informacións.
- Reflexionar e valorar contidos e informacións.

Cada un destes procesos cognitivos concretouse nunha serie de **indicadores de logro** (Táboa 5). Estes mesmos indicadores de logro estarán asociados a cada un dos ítems das probas.

Na proba de Lingua Galega e Literatura, as destrezas asociadas á comprensión valoraranse a partir de tres estímulos (un de comprensión oral e dous de comprensión escrita).

¹ As competencias específicas correspóndense cos obxectivos de materia ou de ámbito establecidos no *Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia*.

Área da expresión (escrita)

Nas destrezas de expresión escrita é necesario avaliar o produto final: **o texto**. Isto supón que o procedemento de avaliación que se debe empregar nestes casos ha de ser diferente. O obxectivo será obter do alumnado dúas producións escritas a partir de estímulos guiados que se axusten a situacións comunicativas significativas.

Por tanto, tendo en conta os procesos cognitivos implícitos na produción dun texto, a súa valoración farase atendendo ás **propiedades textuais (coherencia, cohesión e adecuación)** e á **corrección ortográfica e gramatical**.

A estas indicacións teóricas cómpre engadir, a modo de exemplos, algunhas concrecións de estímulos, ítems e guías de codificación que ilustren o formato da proba e que se poden atopar ao final deste documento.

Anexo I. Táboa 5. Procesos cognitivos e indicadores de logro de 2.º de Educación Secundaria Obligatoria

Área da comprensión	
Procesos cognitivos	Indicadores de logro
Localizar e obter información	1.1. Identifica usos discriminatorios da linguaxe 1.2. Localiza información explícita nun texto 1.3. Localiza información a través da linguaxe non verbal 1.4. Identifica os elementos que conforman un texto 1.5. Identifica referencias textuais relacionadas cos principios de propiedade intelectual 1.6. Recoñece connotación e denotación nun enunciado
Realizar inferencias directas	2.1. Selecciona a información máis relevante do texto 2.2. Infire información relevante dun texto 2.3. Relaciona un texto coas características propias do xénero ól que pertence 2.4. Infire as causas do comportamento dos personaxes que aparecen nun texto 2.5. Relaciona fragmentos ou obras literarias con outras manifestacións artísticas 2.6. Relaciona procedementos de substitución lingüística con exemplos tomados dun texto
Integrar e interpretar ideas e informacións	3.1. Contrasta trazos de diversidade lingüística 3.2. Interpreta a intención comunicativa do emisor 3.3. Deduce o tema principal do texto 3.4. Interpreta a estrutura global do texto 3.5. Diferencia as distintas tipoloxías textuais que poidan aparecer nun texto 3.6. Diferencia informacións nesgadas ou falsas de noticias auténticas e contrastadas 3.7. Interpreta o efecto dun recurso expresivo 3.8. 3.7. Interpreta palabras, enunciados ou textos desde un punto de vista lingüístico 3.9. Deduce a que xénero literario pertence o texto
Reflexionar e valorar contidos e informacións	4.1. Reflexiona sobre os procedementos expositivos utilizados nun texto, tales como exemplificación, definición, clasificación, citación, etc. 4.2. Avalúa a fiabilidade dun ou varios textos 4.3. Valora a validez dos argumentos en situacións comunicativas concretas 4.4. Valora que fonte é a máis adecuada para resolver una tarefa 4.5. Valora a idoneidade do título ou doutro elemento do texto

Nota. Estes indicadores extraéronse dos seguintes obxectivos ou gardan directa relación con eles:

Obxectivo 1: 3.1; Obxectivo 2: 1.2, 2.1, 2.2, 3.2, 3.4 e 4.2; Obxectivo 3: 4.1; Obxectivo 4: 1.4 e 3.3; Obxectivo 5: 2.6 e 3.5; Obxectivo 6: 1.5, 3.6 e 4.4; Obxectivo 7: 3.9 e 4.5; Obxectivo 8: 1.6, 2.3, 2.4, 2.5 e 3.7; Obxectivo 9: 1.3 e 3.8; Obxectivo 10: 1.1 e 4.3.

AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO

Obxectivos de Lingua Galega e Literatura
2.º Educación Secundaria Obrigatoria

PROBA DE AVALIACIÓN

PACHÍN E O CAN

TEXTO A

Pachín si que falaba. Á súa maneira. Falaba cos ollos, co rabo, coas patas. Eu entendíao tan ben coma se pronunciase palabras. Non parecía un can. Tiña entendemento de persoa. [...]

Pachín era pequenote, marelo. Tiña unha penca no fociño que lle lucía moi pavera cando trizaba (1). Gustáballe barullar pola mañá. Un xeito de saúdo. [...]

Disque cando un can ouvea é porque venta morte. Pachín nunca ouveaba. Ou tiña mal as ulideiras, ou quizais non lle chistase pregoar enterros. El era alegre, campanguero. Faltáballe rir. E riría, digo eu, pois ás veces recachaba (2) a dentamía coma quen está ledo.

Xosé Neira Vilas, *Memorias dun neno labrego* [adaptación]



Debuxo de Xaquín Marín para "Memorias dun neno labrego"

TEXTO B

can



substantivo masculino

1 (*Canis familiaris*) Mamífero carnívoro doméstico da familia dos cánidos, do que existen múltiples razas de características diversas e que, pola súa intelixencia e lealdade, é utilizado polo home na caza, para gardar rabaños, casas ou outras propiedades, así como para moitas outras funcións.

OBSERVACIÓNS: A femia do can denomínase *cadela*

A policía ten cans adestrados para seguir calquera rastro.

► CONFRÓNTESE **cuzo**

2 Aparello con forma de angazo que se vai arrastrando polo fondo do mar para apañar determinados mariscos como ameixas, berberechos ou longueiróns, que vai recollendo nunha rede que leva detrás.

A arte do can está prohibida.

3 Antiga moeda de dez céntimos.

Andaba sempre sen un can.

► CONFRÓNTESE **can grande, pataco, patacón**

(1) Estar encirrado, enfadado.

(2) Amosar os dentes.

Indica se as seguintes afirmacións, relativas á información que se ofrece sobre a intelixencia dos cans, son verdadeiras (V) ou falsas (F):

- A. Porque era un can alegre e os ouveos dun can poden ser premonitorios da morte.
- B. Porque o único que lle gustaba era barullar polas mañás.
- C. Ouveaba só para pregoar enterros.
- D. Todas as anteriores son falsas.

O texto A e o texto B tratan sobre o can; que é o que os diferencia?

- A. O texto A é literario, procura a beleza expresiva e translocen os sentimentos do narrador. O texto B é unha descrición técnica do can, coa única vontade de transmitir información.
- B. O texto A é literario, cunha finalidade didáctica, posto que pretende dar a coñecer as características dos cans. O texto B é expositivo, pero deixa ver a opinión do autor sobre os cans.
- C. O texto A é argumentativo, posto que defende a tese de que os cans son moi intelixentes. O texto B só transmite información, sen tratar de convencer, ó contrario do que acontece no texto A.

Indica se as seguintes afirmacións, relativas á información que se ofrece sobre a intelixencia dos cans, son verdadeiras (V) ou falsas (F):

- A. No texto B alúdese á intelixencia dos cans desde unha perspectiva obxectiva.
- B. No texto A non hai ningunha referencia, explícita nin implícita, á intelixencia dos cans.
- C. A expresión “tiña entendemento de persoa”, no texto A, refírese á intelixencia do can.
- D. No texto B alúdese á intelixencia dos cans, pero trátase dunha opinión subxectiva.

Baseándote no texto A, que emocións provoca Pachín no narrador?

- A. Afecto, alegría e complicidade.
- B. Indiferenza pola súa condición de can.
- C. Empatía e tristeza.
- D. Morriña e curiosidade.

No texto B dise que o can “é utilizado polo home na caza, para gardar rabaños, casas ou outras propiedades”. Cres que, no texto A, se ofrece esta mesma visión do can?

- A. Si, no texto A, o narrador considera que Pachín é un can gardián que cumpre a súa función.
- B. Non, no texto A, o narrador preséntao como un compañeiro, incluso con características humanas.
- C. Si, coa salvidade de que, no texto A, Pachín fai eses traballos por decisión propia, porque é un can moi intelixente.
- D. Non, no texto A, Pachín é un can un pouco lacazán e barulleiro, ó que só lle gusta xogar e non segue as indicacións dos donos.

AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO

Obxectivos de Lingua Galega e Literatura
2.º Educación Secundaria Obrigatoria

GUÍA DE CODIFICACIÓN

Código de ítem	XXXXXXX
Tipo de ítem	Resposta pechada
Título da unidade de avaliación	<i>Pachín e o can</i>
Número de unidade de avaliación	XX_INFO
Proceso cognitivo	Localizar e obter información
Indicador de logro	1.2. Localiza información explícita nun texto.
Situación de aplicación	Social
Contexto	Escolar
	Por que Pachín nunca ouveaba (texto A)? A. Porque era un can alegre e os ouveos dun can poden ser premonitorios da morte. B. Porque o único que lle gustaba era barullar polas mañás. C. Ouveaba só para pregoar enterros. D. Todas as anteriores son falsas.
Resposta correcta	A. Porque era un can alegre e os ouveos dun can poden ser premonitorios da morte.
Codificación de respostas	Código 1: Resposta correcta. Código 0: Resposta incorrecta. Código 9: Resposta en branco.

Código de ítem	XXXXXX
Tipo de ítem	Resposta pechada
Título da unidade de avaliación	<i>Pachín e o can</i>
Número de unidade de avaliación	XX_INFO
Proceso cognitivo	Realizar inferencias directas
Indicador de logro	2.3. Relaciona un texto coas características propias do xénero ó que pertence.
Situación de aplicación	Social
Contexto	Escolar
	O texto A e o texto B tratan sobre o can; que é o que os diferencia? A. O texto A é literario, procura a beleza expresiva e translocen os sentimentos do narrador. O texto B é unha descrición técnica do can, coa única vontade de transmitir información. B. O texto A é literario, cunha finalidade didáctica, posto que pretende dar a coñecer as características dos cans. O texto B é expositivo, pero deixa ver a opinión do autor sobre os cans. C. O texto A é argumentativo, posto que defende a tese de que os cans son moi intelixentes. O texto B só transmite información, sen tratar de convencer, ó contrario do que acontece no texto A.
Resposta correcta	O texto A é literario, procura a beleza expresiva e translocen os sentimentos do narrador. O texto B é unha descrición técnica do can, coa única vontade de transmitir información.
Codificación de respostas	Código 1: Resposta correcta. Código 0: Resposta incorrecta. Código 9: resposta en branco.

Código de ítem	XXXXXXX
Tipo de ítem	Resposta pechada complexa
Título da unidade de avaliación	<i>Pachín e o can</i>
Número de unidade de avaliación	XX_INFO
Proceso cognitivo	Integrar e interpretar ideas e informacións
Indicador de logro	3.2. Interpreta a intención comunicativa do emisor
Situación de aplicación	Social
Contexto	Escolar
	Indica se as seguintes afirmacións, relativas á información que se ofrece sobre a intelixencia dos cans, son verdadeiras (V) ou falsas (F): A. No texto B alúdese á intelixencia dos cans desde unha perspectiva obxectiva. B. No texto A non hai ningunha referencia, explícita nin implícita, á intelixencia dos cans. C. A expresión “tiña entendemento de persoa”, no texto A, refírese á intelixencia do can. D. No texto B alúdese á intelixencia dos cans, pero trátase dunha opinión subxectiva.
Resposta correcta	V, F, V, F
Resposta parcialmente correcta	Só tres respostas correctas
Codificación de respostas	Código 2: Resposta correcta. Código 1: Resposta parcialmente correcta. Código 0: Resposta incorrecta. Código 9: resposta en branco.

Código de ítem	XXXXXXX
Tipo de ítem	Resposta pechada complexa
Título da unidade de avaliación	<i>Pachín e o can</i>
Número de unidade de avaliación	XX_INFO
Proceso cognitivo	Integrar e interpretar ideas e información
Indicador de logro	3.8 Interpreta a intención comunicativa do emisor
Situación de aplicación	Social
Contexto	Escolar
	Baseándote no texto A, que emocións provoca Pachín no narrador? A. Afecto, alegría e complicidade. B. Indiferenza pola súa condición de can. C. Empatía e tristeza. D. Morriña e curiosidade.
Resposta correcta	A. Afecto, alegría e complicidade.
Codificación de respostas	Código 1. Resposta correcta. Código 0. Resposta incorrecta. Código 9. resposta en branco.

Código de ítem	XXXXXXXXXX
Tipo de ítem	Resposta pechada
Título da unidade de avaliación	<i>Pachín e o can</i>
Número de unidade de avaliación	XX_INFO
Proceso cognitivo	Reflexionar e valorar contidos e informacións
Indicador de logro	4.1 Reflexiona sobre os procedementos expositivos nun texto, tales como exemplificación, definición, clasificación, citación, etc.
Situación de aplicación	Social
Contexto	Escolar
	No texto B dise que o can “é utilizado polo home na caza, para gardar rabaños, casas ou outras propiedades”. Cres que, no texto A, se ofrece esta mesma visión do can? A. Si, no texto A, o narrador considera que Pachín é un can gardián que cumpre a súa función. B. Non, no texto A, o narrador preséntao como un compañeiro, incluso con características humanas. C. Si, coa salvidade de que, no texto A, Pachín fai eses traballos por decisión propia, porque é un can moi intelixente. D. Non, no texto A, Pachín é un can un pouco lacazán e barulleiro, ó que só lle gusta xogar e non segue as indicacións dos donos.
Resposta correcta	B. Non, no texto A, o narrador preséntao como un compañeiro, incluso con características humanas.
Codificación de respostas	Código 1: Resposta correcta. Código 0: Resposta incorrecta. Código 9: resposta en branco.

ÍTEMS ADICIONAIS 2º ESO (LINGUA GALEGA E LITERATURA)

Por que Pachín nunca ouveaba (texto A)?

- A. Porque era un can alegre e os ouveos dun can poden ser premonitorios da morte.
- B. Porque o único que lle gustaba era barullar polas mañás.
- C. Porque ouveaba só para pregoar enterros.
- D. Porque só ouveaba cando tiña fame e dábanlle moi ben de comer.

Código de ítem	
Tipo de ítem	Resposta pechada.
Título da unidade de avaliación	Pachín e o can.
Número da unidade de avaliación	XX_INFO.
Proceso cognitivo	Localizar e obter información.
Indicador de logro	1.2. Localiza información explícita nun texto.
Situación de aplicación	Social
Contexto	Escolar.
Enunciado	Por que Pachín nunca ouveaba (texto A)? <i>A. Porque era un can alegre e os ouveos dun can poden ser premonitorios da morte.</i> <i>B. Porque o único que lle gustaba era barullar polas mañás.</i> <i>C. Porque ouveaba só para pregoar enterros.</i> <i>D. Porque só ouveaba cando tiña fame e dábanlle moi ben de comer.</i>
Resposta correcta	A. Porque era un can alegre e os ouveos dun can poden ser premonitorios da morte.
Codificación de respostas	Código 1: resposta correcta. Código 0: resposta incorrecta. Código 9: resposta en branco.

As seguintes oracións son versións en galego do inicio do texto, EXCEPTO UNHA, indica cal:

- A. Gustáballe barullar por aquí e por alá.
- B. Ghustáballe barullar por eiquí e por elí.
- C. Prestáballe laretar por todo o lugar.
- D. Li agradava esvalotar per aquí i per allà.

Código de ítem	
Tipo de ítem	Resposta pechada.
Título da unidade de avaliación	Pachín e o can.
Número da unidade de avaliación	XX_INFO.
Proceso cognitivo	Integrar e interpretar ideas e informacións.
Indicador de logro	3.1. Contrasta trazos de diversidade lingüística.
Situación de aplicación	Social
Contexto	Escolar.
Enunciado	As seguintes oracións son versións en galego do inicio do texto, EXCEPTO UNHA, indica cal: <i>A. Gustáballe barullar por aquí e por alá.</i> <i>B. Ghustáballe barullar por eiquí e por elí.</i> <i>C. Prestáballe laretar por todo o lugar.</i> <i>D. Li agradava esvalotar per aquí i per allà.</i>
Resposta correcta	D. Li agradava esvalotar per aquí i per allà.
Codificación de respostas	Código 1: resposta correcta. Código 0: resposta incorrecta. Código 9: resposta en branco.

No texto A pódense apreciar claramente varias tipoloxías textuais, cales son?

- A. Diálogo e narración.
- B. Narración e descrición.
- C. Descrición e argumentación.
- D. Exposición e argumentación.

Código de ítem	
Tipo de ítem	Resposta pechada.
Título da unidade de avaliación	Pachín e o can.
Número da unidade de avaliación	XX_INFO.
Proceso cognitivo	Integrar e interpretar ideas e informacións.
Indicador de logro	3.5. Diferencia as distintas tipoloxías textuais que poidan aparecer nun texto.
Situación de aplicación	Social
Contexto	Escolar.
Enunciado	No texto A pódense apreciar claramente varias tipoloxías textuais, cales son? <i>A. Diálogo e narración.</i> <i>B. Narración e descrición.</i> <i>C. Descrición e argumentación.</i> <i>D. Exposición e argumentación.</i>
Resposta correcta	B. Narración e descrición.
Codificación de respostas	Código 1: resposta correcta. Código 0: resposta incorrecta. Código 9: resposta en branco.

Entre os textos que se presentan, a cal acudirías para obter información gramatical e unha definición o máis neutra posíbel?

- A. Á descrición do texto A.
- B. Á entrada de dicionario (texto B).
- C. Ás observacións do texto B.
- D. Á parte narrativa do texto A.

Código de ítem	
Tipo de ítem	Resposta pechada.
Título da unidade de avaliación	Pachín e o can.
Número da unidade de avaliación	XX_INFO.
Proceso cognitivo	Reflexionar e valorar contidos e informacións.
Indicador de logro	4.4. Valora que fonte é a máis adecuada para resolver unha tarefa.
Situación de aplicación	Social
Contexto	Escolar.
Enunciado	Entre os textos que se presentan, a cal acudirías para obter información gramatical e unha definición o máis neutra posíbel? <i>A. Á descrición do texto A.</i> <i>B. Á entrada de dicionario (texto B).</i> <i>C. Ás observacións do texto B.</i> <i>D. Á parte narrativa do texto A.</i>
Resposta correcta	B. Á entrada de dicionario (texto B).
Codificación de respostas	Código 1: resposta correcta. Código 0: resposta incorrecta. Código 9: resposta en branco.